

# CHILDREN'S COMMUNICATION CHECKLIST (CCC-2; Bishop, 2003)

## INSTRUCCIÓN

O CCC-2 desenvólvese para axudarnos a comprender mellor as fortalezas e dificultades comunicativas dos nenos/as. Aínda que podamos facernos unha idea de como se comunica un neno/a mediante a aplicación de tests de linguaxe, é moi interesante saber como se desenvolve en situacións da vida diaria. Vostede pódenos axudar contestando as preguntas que lle facemos nestes páxinas seguintes.

O inventario consta dunha serie de preguntas que describen como se comunica o neno/a. En cada pregunta pídeselle que nos achegue información sobre as súas competencias lingüísticas e comunicativas. En cada unha debe dicirnos se observou que a conduta descrita se produce:

0. Nunca (ou menos dunha vez á semana).
1. Polo menos unha vez á semana, pero non cada día.
2. Unha ou dúas veces ao día.
3. Sempre, ou máis de dúas veces ao día.

Escriba, por favor, un número no recadro de cada pregunta, elixindo a resposta que, ao seu xuízo, describa mellor ao neno/a en cuestión. Se lle resulta difícil emitir o xuízo, pense só na última semana e trate de lembrar a frecuencia coa que observou que o neno/a realizou dita conduta.

Lea, por favor, cada pregunta coidadosamente. Non deixe ningún cadro en branco. Sise sente incapaz de emitir un xuízo, poña unha X no recadro e engada un comentario se así o desexa. Non obstante, tente responder numericamente na medida do posible. Pode engadir comentarios a calquera pregunta que o desexe.

INICIAIS DO NENO/A: \_\_\_\_\_ IDADE: \_\_\_\_\_ SEXO: \_\_\_\_\_

PARENTESCO DA PERSOA QUE CUBRE O CUESTIONARIO:

Nai

Pai

Profesor/a

(Pregunta só para o profesor/a) ¿CANTO TEMPO FAI QUE COÑECE O NENO/A?: \_\_\_\_\_

¿O NENO/A UNE PALABRAS PARA COMPOÑER ORACIÓNS?:  Si  Non

**Este cuestionario só pode aplicarse a nenos/as que poden falar con frases simples. Se a súa resposta foi NON, por favor, non o complete.**

Anote un número en cada unha dos recadros da dereita de cada pregunta, da seguinte forma:

**0 = nunca ou menos dunha vez á semana;**

**1 = polo menos unha vez á semana, pero non cada día;**

**2 = unha ou dúas veces ao día;**

**3 = sempre ou máis de dúas veces ao día.**

1. Confúndese entre “el” e “ela”, de xeito que pode dicir “el” para referirse a unha nena ou “ela” para referirse a un neno.	
2. Simplifica as palabras omitindo algún son; ex., “pimo” en lugar de “primo” ou “bazo” en lugar de “brazo”.	
3. Móstrase ansioso en compañía de outros nenos/as.	
4. Fai falsos inicios e parece vacilar ao emitir unha palabra; ex., “Dáme – dáme- dáme auga”.	
5. Fala repetitivamente sobre cousas que á outra persoa non lle interesan	
6. Esquece palabras que coñece; ex. en lugar de “elefante” pode dicir “o animal da trompa”.	
7. Parece inatento, distante ou preocupado con persoas adultas familiares.	
8. Móstrase inexpresivo en situacións nas que a maioría dos nenos mostran unha clara expresión facial; ex., cando está enfadado/a, asustado/a ou contento/a.	
9. Cando se lle da a oportunidade de facer o que lle gusta, elixe sempre a mesma actividade favorita; ex., xogar co mesmo xogo de ordenador.	
10. Usa termos como “el” ou “iso” sen deixar claro sobre qué está falando. Por exemplo, cando está falando do personaxe dunha película, pode dicir “el estivo estupendo”, sen deixar claro quen é realmente “el”.	
11. Di cousas que non parece comprender do todo (parece estar repetindo algo que oíu dicir a un adulto). Por exemplo, un neno/a de cinco anos di unha expresión como “ten moi boa reputación”.	
12. Confunde palabras de significado similar; ex., “gato” por “can” ou “culler” por “garfo”.	
13. Os demais nenos ríndese del/dela, moléstanos/a ou intimidanos/a.	
14. Non mira á persoa á que lle fala.	
15. Malinterpreta os chistes e as bromas, aínda que pode divertirse co humor non verbal, como as <i>payasadas</i> .	
16. Os demais nenos déixanos fora nas actividades de grupo.	
17. Confunde entre “el”-“ela” e “lle”; ex, di “lle está cantando”, en vez de “el está cantando”.	
18. Emprega expresións favoritas pouco axeitadas a un contexto; ex., di “de súpeto” en lugar de “entonces”, como en “fomos o parque e de súpeto fixemos unha merenda”; ou comeza con frecuencia as oracións con “por certo”, aínda que non sexa o axeitado.	
19. Móstrase confuso/a cando se emprega unha palabra cun significado diferente ao habitual; ex., dicir que algunha persoa é fría (pode pensar que está <i>tiritando</i> ).	
20. Acércase demasiado cando lle falan outras persoas.	
21. Fala demasiado facilmente con outras persoas; ex., sen ningún reparo, inicia conversas con estraños.	
22. Fala sobre listas e series que memorizou; ex., nomes de países do mundo ou nomes de tipos de dinosauros.	
23. Pronuncia as palabras dunha forma excesivamente precisa: o acento soa afectado, teatral, como se estivera imitando a algún personaxe de TV.	
24. Pronuncia as palabras dunha forma moi infantil; ex., “eta” por “galleta”.	
25. É difícil diferenciar se está falando sobre algo real ou inventado.	
26. Leva a conversa ao seu tema favorito, aínda que aos demais non lles interese.	

27. Produce frases que soan moi infantís, xa que só constan de dúas ou tres palabras, tales como “dá boneca” en lugar de “dáme a boneca”.	
28. A súa habilidade para comunicarse varía de situación a situación; ex., pode comunicarse ben cando fala cun adulto familiar un a un, pero ten dificultades para expresarse cun grupo de nenos.	
29. Omite o inicio e a fin das palabras; ex., di “má” en lugar de “máis” ou “pato” en lugar de “zapato”.	
30. Repite o que outros dixeron. Por exemplo, se vostede di “¿qué comiches?”, responde “¿qué comín?”.	
31. Ignora as intervencións conversacionais dos demais. Por exemplo, se vostede lle di “¿qué estás facendo?” non o/a mira e continúa facendo o que fose.	
32. Cambia palabras con son similar. Ex., “televisor” en lugar de “teléfono”.	
33. Arremete ou molesta a outros nenos/as sen ningunha razón.	
34. Só ten en conta 2 ou 3 palabras dunha frase, de xeito que interpreta mal o que se dixo. Por exemplo, si se lle di “a próxima semana vamos ir de excursión”, entende que neste momento van a ir de excursión.	
35. Cando fala non pode parar de falar.	
36. Non emprega ben os tempos pasados. Por exemplo, “onte vou a praia”.	
37. Cóntalle aos demais cousas que xa saben.	
38. Comete erros na pronunciación de palabras largas, tales como “circunferencia” ou “frigorífico”.	
39. Non se da conta de que outras persoas poden estar molestas ou enfadadas.	
40. Non ten en conta a sucesión de acontecementos cando conta un conto ou describe calquera acontecemento. Por exemplo, ó contar unha película pode contar o final antes que o principio.	
41. É sobre-literal, a veces con resultados cómicos non intencionados. Ex., si se lle di “cústache moito levantarte pola mañá”, contesta “non, primeiro saco unha perna, despois a outra e despois póñome de pé”. Ou si se lle di “Olla as mans” cando está cortando cunha tesoiras,ponse atentamente a mirar os dedos.	
42. Da unha información excesivamente precisa (como a data ou a hora exacta) cando fala. Ex., “¿cándo vas de vacacións?”, e contesta “o 22 de xuño de 2013 ás 13 horas”, en lugar de “xa pronto” ou “cando chegue o verán”. Ou tamén pode dicir “quero xogar á PlayStation 3” en lugar de “quero xogar á play”.	
43. Omite o verbo “ser”. Ex., “o neno pequeno” en lugar de “o neno é pequeno”.	
44. Comete erros de pronunciación de /r/, /l/ ou outros fonemas. Ex., “odella” en lugar de “orella” ou “núa” en lugar de “lúa”.	
45. Pregunta cousas, aínda que xa saiba a resposta ou xa se lle dera.	
46. É pouco preciso na súa elección de palabras, o que fai que a veces se lle entenda mal a qué se refire. Por exemplo, di “esa cousa” en lugar de “culler”.	
47. Mostra interese en cousas ou actividades que a maioría da xente pode encontrar inusuais, tales como os sinais de tráfico, as máquinas de tren, as farois,...	
48. Non da a suficiente información cando explica algo. Ex., pode falar de Xoán sen dicir antes quen é Xoán.	
49. Sorprende á xente polo seu coñecemento de palabras estrañas ou non usuais. Pode empregar termos que son máis propios de oír en adultos que nun neno/a.	
50. É difícil entender o que di (incluso aínda que diga todas as palabras con claridade).	

Anote un número en cada unha dos recadros da dereita de cada pregunta, da seguinte forma:

- 0 = nunca ou menos dunha vez á semana;**  
**1 = polo menos unha vez á semana, pero non cada día;**  
**2 = unha ou dúas veces ao día;**  
**3 = sempre ou máis de dúas veces ao día.**

As preguntas anteriores referíanse ás dificultades do neno/a para comunicarse. As seguintes preguntas fan referencia ás capacidades e aspectos ben desenvolvidos da comunicación. Conteste, como antes, de 0 a 3, pero lembre que agora unha resposta con 0 significa que o nenocarece desta habilidade, mentres que un 3 indica boa destreza comunicativa.

51. Fala con claridade, de forma que as palabras que di son comprendidas facilmente por alguén que non o/a coñeza ben.	
52. Reacciona positivamente cando se lle suxire facer unha actividade nova ou pouco frecuente.	
53. Fala claramente sobre os seus plans futuros; ex., sobre o que fará mañá ou como será a súa festa de cumpleaños.	
54. Capta o humor expresado pola ironía. Por exemplo: “¡qué día tan bo fai!” cando hai un forte temporal.	
55. Emite oracións largas e complexas, tales como “cando vaia ao parque vou a montar nos <i>columpios</i> ”.	
56. Emprega ben os xestos para facerse comprender ou para expresarse mellor.	
57. Móstrase preocupado/a cando as persoas están enfadadas.	
58. Fala fluída e claramente, producindo todos os sons correctamente e sen mostrar vacilacións.	
59. Mantense tranquilo/a e en silencio en situacións nas que alguén ten que falar ou concentrarse (como cando alguén está vendo algo interesante na TV, durante as reunións do colexio, durante unha charla,...).	
60. Respecta as normas de cortesía. Por exemplo, da a grazas cando lle fan un regalo que non lle gusta.	
61. Cando responde a unha pregunta, da a información necesaria sen ser excesivamente preciso/a.	
62. A conversa con el/ela é interesante e agradable.	
63. Mostra flexibilidade para adaptarse a situacións non esperadas. Por exemplo, cando non pode xogar ó ordenador porque se lle avariou ou non pode saír porque está enfermo.	
64. Emprega palabras abstractas para referirse a conceptos xerais, como “coñecemento”, “política” ou “valentía”.	
65. Sorrí axeitadamente cando fala coa xente.	
66. Emprega palabras que se refiren a categorías de obxectos, tales como “mobles” para mesas, cadeiras e armarios, ou “froitas” para peras, mazás, plátanos,...	
67. Fala sobre os seus amigos e mostra interese no que eles fan ou din.	
68. Explica acontecementos do pasado con claridade (ex., o que fixo no colexio ou o que aconteceu nun partido de fútbol).	
69. Produce frases que conteñen “porque”. Ex. “a Carme regaláronlle unha <i>bici</i> porque foi o seu aniversario”.	
70. Fálalle os demais sobre cousas que lles interesan, non sobre os propios intereses.	